



Concello de Vigo

D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 5 de decembro de 2019**, adoptou o seguinte acordo:

6.- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN CONVENIO COA "ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALÚRGICOS DE GALICIA" PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL (MINDTECH-2019). EXPTE. 16711/77

Visto o informe de fiscalización do 02/12/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, de data 15 de novembro de 2019 adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a "ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALÚRGICOS DE GALICIA" (G36614774).

Segundo.- Autorizar o gasto de 100.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4700005 "FEIRA METAL_MINDTECH", dos que 55.000,00 € corresponden ao orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019 e 45.000,00 € son a aportación da Deputación de Pontevedra conforme ao convenio asinado en expte. 16712/77 e, comprometer o mesmo a favor da "ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALÚRGICOS DE GALICIA" (G36614774), para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio convocatoria, o extracto da mesma, e as bases reguladoras das " CONVENIO COA "ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALÚRGICOS DE GALICIA" PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL (MINDTECH-2019)
(...)

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. MODIFICACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA AXUDA

Debido á imposibilidade material de dar cumprimento ao disposto no Pacto 8º do convenio segundo a cal , o prazo de xustificación da subvención remata con data 15 de novembro de 2019, e en aras de garantir o principio de seguridade xurídica, e evitar prexuízos indebidos á entidade interesada debe procederse á modificación do devandito prazo, xa que, do contrario, o convenio deviría nun acto de contido imposible.



En atención ás consideracións expostas, se propón, a ampliación do prazo de xustificación da axuda previsto no Pacto 8º do convenio, mantendo inalteradas as súas restantes normas reguladoras.

Deste xeito, onde di: “A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **15 de novembro de 2019** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos”, debera dicir: “A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **11 de decembro de 2019** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos”

2. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- AMPLIAR o prazo de xustificación das axudas previsto no Pacto 8º do CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALÚRGICOS DE GALICIA” PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL (MINDTECH-2019). EXPTE. 16711/77, modificando o texto do primeiro parágrafo co seguinte tenor literal:

- “A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **11 de decembro de 2019** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos” (...)

SEGUNDO.- NOTIFICAR á “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALÚRGICOS DE GALICIA” (G36614774), unha vez aprobada, a ampliación do prazo de xustificación da axuda previsto no Pacto 8º do Convenio e publicar o acordo na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), BOP, portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www. Vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG.





Concello de Vigo

TERCEIRO.- RECURSOS: contra o presente acordo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, RXCA. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición interposto ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dital e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.

